

ORDENANZA T23
Ordenanza reguladora da taxa polos servicios da Biblioteca Municipal.

Artigo 1. Fundamento e obxecto.

De conformidade có establecido nos artigos 57 e 20.4.w) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o Texto da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais . o Concello de Ribadeo establece a taxa polo servicio de socio da biblioteca pública e o precio público para o acceso a Internet nos ordenadores da biblioteca Pública.

É obxecto deste Ordenanza á prestación dos seguintes servicios:

- a) O ser socio da Biblioteca Pública, que implica o servicio de empréstimo a domicilio dos libros que forman parte da Biblioteca Municipal.
- b) O servicio de conexión a Internet nos ordenadores que existen para uso público na Biblioteca Municipal.

Artigo 2. Obrigados ó pago.

Están obligados ó pago das taxas contidas nesta Ordenanza, as persoas que soliciten os servicios regualdos na mesma.

Artigo 3. Tarifas.

Se establecen as seguintes tarifas:

- | | |
|---|------------------|
| 1. Polo servicio de socio da biblioteca municipal | 4,02 Euros/ano. |
| 2. Polo acceso a Internet..... | 2,00 Euros/Hora. |

Artigo 4. Normas de Xestión.

A xestión e recaudación das taxas reguladas na presente Ordenanza realizarase polo persoal da Biblioteca Municipal. A prestación dos servicios se solicitará ó propio persoal da biblioteca, que expedirá os correspondentes recibos, previamente a prestación do servicio.

Polos servicios da biblioteca Municipal se pasará trimestralmente a Intervención Municipal, unha nota detallada dos servicios prestados, os conceptos, e o importe dos mesmos, e demás circunstancias necesarias para efectua-lo cobro.

Disposición Final.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “ Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comenzará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 3 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.